

**MONDARIZ****A N U N C I O**

Agotado o prazo de 30 días hábiles de exposición ó público, do acordo adoptado en sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o pasado 31.05.2008, polo que se aprobou inicialmente o Regulamento municipal de abastecemento de auga de consumo, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do seu texto integro, que queda como sigue:

**CAPITULO I: NORMAS XERAIS****ARTIGO 1.—OBXECTO DO REGULAMENTO**

O obxecto do presente regulamento é ordenar as relacións que poidan establecerse entre o concello de Mondariz, como entidade xurídica que presta o servizo de abastecemento de auga potable en Mondariz, e os usuarios do servizo, dentro do termo municipal de Mondariz, sinalándose os dereitos e obrigacións básicas que asume cada unha das partes.

**ARTIGO 2.—FORMA DE XESTIÓN  
E TITULARIDADE DO SERVIZO**

O servizo de abastecemento de auga potable é de titularidade municipal e neste momento se presta directamente pola propia Corporación, de conformidade co establecido no art. 85.2.A.a) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Mentres o servizo siga prestándose directamente polo concello, o servizo estará integrado polos medios persoais e materiais que en cada momento sexan adscritos a el, en función do que demande a súa correcta prestación.

**ARTIGO 3.—NORMAS XERAIS**

O servizo de abastecemento de auga potable axustarase a todo o establecido no presente Regulamento, e o estipulado no RD 314/2006 de 17 de marzo, do Código Técnico da Edificación.

**ARTIGO 4.—ABONADO**

Entenderase por abonado ou usuario do servizo municipal de abastecemento de auga potable a calquera persoa física ou xurídica, que figure nos rexistros municipais como titular do servizo de abastecemento de auga potable calquera que sexa a relación xurídica que manteña coa vivenda, finca, inmovible, actividade económica, establecemento, industria etc, que se beneficie do suministro de auga potable.

**ARTICULO 5.—ENTIDADE SUBMINISTRADORA**

Á entidade subministradora é o Concello de Mondariz que prestará o servizo de abastecemento de auga potable conforme ó establecido na vixente Regulación do Réxime Local.

**ARTICULO 6.—EXTENSION DO SERVIZO**

O servizo comprende o Concello de Mondariz á excepción das áreas que abarcan as Comunidades de Augas privadas ( parroquiais), que se identifican no plano Serie I-7 “Infraestructuras de servizos de Abastecemento”, do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondariz, actualmente en tramitación e que contan con servizo e xestión propios e independentes do Concello.

Por razóns de hixiene e salubridade pública, declárase obrigatorio o uso e recepción do servizo municipal de abastecemento de auga potable no solo urbano e no solo de núcleo rural, sempre que exista rede de distribución de auga municipal, sexa posible o enganche particular á rede municipal, e o inmovible reúna condicións de habitabilidade, ou os establecementos, industrias, locais comerciais etc estén en funcionamento.

A sensu contrario, non será obrigatorio o uso e recepción do servizo municipal en zonas onde non exista rede municipal, ou aínda existindo non sexa posible o enganche particular á rede xeral por razóns técnicas.

**CAPITULO II: OBRIGAS E DEREITOS  
DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA  
E DOS ABONADOS****ARTIGO 7.—OBRIGAS DA ENTIDADE  
SUBMINISTRADORA**

O Concello de Mondariz, en calidade de entidade subministradora do servizo municipal de auga potable, está suxeito ó cumprimento das seguintes obrigas:

*Obligación do Suministro:* Dentro do término municipal e nas zonas en que exista rede municipal de distribución, o Concello de Mondariz está obrigado a suministrar o abastecemento de auga potable, con arreglo ás condicións que fixa este Regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

*Conservación das Instalacións:* O Concello de Mondariz está obrigado a manter e conservar ó seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o abastecemento de auga potable, así como as acometidas ata a chave de rexistro que contempla o artigo 12.

*Regularidade na prestación dos servizos:* O concello de Mondariz está obrigado a manter a regularidade no suministro de auga potable.

En calquera caso, non lle serán imputables as interrupcións do servizo nos supostos indicados neste Regulamento.

*Reclamacións:* O concello de Mondariz está obrigado a contestar as reclamacións que se formulen por escrito, en prazo non superior a 20 días hábiles.

*Tarifas:* O concello de Mondariz está obrigado a aplicar ós distintos tipos de suministros que teña establecidos, as tarifas que, en cada momento, teña aprobadas a través de Ordenanza Fiscal.

#### ARTIGO 8.—DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA

*Inspección e revisión:* O concello de Mondariz se reserva o dereito de comprobar, inspeccionar e revisar, coas limitacións que se establecen neste regulamento, as instalacións interiores do subministro, podendo impoñe-la obriga de acometer medidas correctoras, no caso de que aquelas producisen perturbacións no servizo.

*Facturación do servizo:* O Concello de Mondariz ten dereito a facturar os servizos prestados, tales como a conexión á rede de abastecemento e servizo, a auga consumida polo abonado ou o mínimo establecido se o consumo non chega ós prezos da tarifa aprobada oficialmente.

*Capacidade de autofinanciación:* O Concello intentará que a tarifa do servizo sexa sempre suficiente para autofinanciarse. Cando o anterior equilibrio non poida producirse, se elaborará unha nova tarifa.

*Obras de conservación e ampliación da rede de distribución:* O Concello se reserva o dereito a definir, proxectar, e autorizar, calquera tipo de obra que afecte á rede xeral de distribución.

#### ARTIGO 9.—OBRIGAS DO ABONADO

*Pagos de recibos e facturas:* En reciprocidade ás prestacións que recibe, todo abonado virá obrigado ó pago das tarifas aprobadas a través de Ordenanza Fiscal polo volumen de auga consumida, así como ó abono das cotas derivadas dos restantes servizos específicos que reciba.

No que se refire ós consumos de auga potable, esta obrigación de pago comprende os casos en que tales consumos teñan orixen en fugas, averías ou defectos de construción ou conservación das instalacións interiores.

*Pago de fianzas:* Todo interesado que formalice petición de conexión á rede municipal de distribución de auga, queda obrigado a depositar a fianza que poida ser necesaria, a criterio técnico, para garantir a correcta conservación do dominio público afectado polas obras, no seu caso.

*Conservación de instalacións:* Sen perxuicio do establecido nas Normas vixnetes sobre Instalacións

Interiores de Suministro de Auga, todo abonado está obrigado a utilizar de forma correcta as instalacións ó seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma máis adecuada, e evitando o retorno á rede de posibles augas contaminantes, mantendo, ademais, intactos os precintos que garanten a non manipulación do contador e instalacións de acometidas, no seu caso así como as condicións idóneas para a toma de lecturas do mesmo.

*Facilidades para as instalacións e inspeccións:* Todo peticionario de un suministro, está obrigado a facilitar a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto do suministro, así como a permitir a entrada ó personal autorizado polo concello de Mondariz, que actuará debidamente acreditado, a fin de que poida efectuar cantas comprobacións estén relacionadas co suministro.

*Derivacións a terceiros:* Os abonados non poden, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou remuneradamente auga potable a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable de toda defraudación que se produza no seu suministro, ben por si ou por calquera outra persoa que de él dependa.

*Avisos de averías:* Os abonados deben poñer en coñecemento da entidade subministradora calquera avaría ou perturbación que puidera darse na rede xeral de distribución, en interese xeral e no seu interese propio.

*Usos e alcance dos suministros:* Os abonados están obrigados a utilizar a auga potable suministrada na forma e para os usos contratados.

Así mesmo, está obrigado solicitar da entidade subministradora a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións interiores, que implique un aumento nos caudais contratados de subministro, ou modificación no número dos receptores e preve-las instalacións de elevación, grupos de presión e depósitos dacordo co establecido neste regulamento.

*Notificación de baixa no servizo:* O abonado que desee causar baixa no suministro estará obrigado a notificar por escrito ó concello de Mondariz dita baixa, con un mes de antelación indicando, en todo caso, a data en que debe cesar o citado suministro.

*Independencia de Instalacións:* Cando nunha mesma finca exista xunto á auga potable de distribución pública auga de outra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se mezclen as augas de unha ou outra procedencia.

**ARTICULO 10.—DEREITOS DO ABONADO**

*Potabilidade da auga:* Todo abonado/usuario ten dereito a recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

*Servicio permanente:* Todo usuario/abonado ten dereito a dispoñer permanentemente do subministro de auga potable contratado, coas condicións de presión e caudal contratadas sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións aplicables.

*Lectura e Facturación:* Todo usuario/abonado ten dereito a que se lle tome lectura do equipo de medida que controle o subministro (contador), e se lle facturen os servizos que reciba polos conceptos e taxas vixentes en cada momento, coa periodicidade que se estableza na ordenanza en cada caso vixente

*Execución de Instalacións interiores:* Todo abonado/usuario ten dereito a elixir libremente o instalador autorizado que lle execute as instalacións interiores, así como o proveedor do material, aínda que éste deberá axustarse ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

*Reclamacións:* Todo usuario/abonado ten dereito a formular reclamación contra a actuación do Concello ou os seus empregados, mediante os procedementos contemplados neste regulamento. Cando a reclamación se refira ó cumprimento das condicións do suministro de auga potable, o reclamante deberá acreditar a súa condición de titular do contrato de suministro, ou representante legal do mesmo.

*Información:* Todo usuario/abonado ten dereito a consultar tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación ó seu subministro así como a recibir contestación por escrito das consultas formuladas por este procedemento. Igualmente, terá dereito, se así o solicita, a que se lle informe da normativa vixente que é de aplicación, así como a que se lle facilite un exemplar do presente Regulamento.

### CAPITULO III: INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA

#### ARTIGO 11.—ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVICIO

O servizo municipal de abastecemento de auga potable do concello de Mondariz, comprende os seguintes elementos materiais, que constitúen a súa infraestrutura:

- a) *Captacións de augas subterráneas ou superficiais,* coa correspondente concesión de aproveitamento.

A entidade subministradora dispón de varias captacións de augas subterráneas situadas en pendente de identificar tódalas captacións.

- b) *Depósitos de almacenamento:* Teñen por obxecto o almacenamento e tratamento de auga recibida das captacións, e a regulación da súa distribución e a súa capacidade deberá garantir as necesidades do servizo.

A entidade subministradora posúe depósitos de diversas capacidades, situados nas parroquias de contan con rede municipal, según detalle reflectido no Plano Serie I-7 “Infraestructuras de servizos de Abastecemento”, do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondariz.

- c) *Conducción xeral,* é a tubería que transporta a auga dende as captacións ata os depósitos.

A entidade subministradora dispón de varias conduccións xerais que conducen a auga das captacións subterráneas ós depósitos de almacenamento. (plano serie 1-7 PXOM)

- d) *Rede de distribución* é o conxunto de tuberías e dos seus elementos de corte e de control instalados no interior, interconectados entre sí que discorren por terreos de carácter público ou privado, previa constitución da oportuna servidume, que conducen auga potable a presión e da cal derivan as conexións para os abonados.

A entidade subministradora dispón dunha ampla rede de distribución reflexada no plano Serie I-7 “Infraestructuras de servizos de Abastecemento”, do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondariz, actualmente en tramitación, que inclúe tamén o detalle das redes de abastecemento privadas.

- e) *A arteria* é aquela tubería e elementos da rede de distribución que enlaza diferentes lugares dentro da mesma zona abastecida, sen que nela se poidan realizar conexións.

- f) *Conduccións viarias* son as tuberías da rede de distribución que discorren ó longo dunha vía pública ou privada, previa constitución da oportuna servidume, e das que se derivarán, no seu caso, as conexións para os subministradores a particulares, bocas de rego e tomas contra lumes.

#### ARTIGO 12.—CONEXIÓNS

Conexión é o conxunto de tuberías e elementos que enlazan a instalación xeral interior do inmovible coas conduccións viarias. Atravesará o muro de cerramento do edificio por un orificio practicado polo usuario ou abonado de tal modo que o tubo teña suficiente dilatación, debendo estar rexuntado de forma que o orificio quede impermeabilizado.

A conexión responderá ó esquema básico que se adxunta, e constará dos seguintes elementos:

- a) “*A chave de toma*”: Encóntrase colocada sobre a tubería da rede de distribución e abre o paso á conexión. Constitúe o elemento diferenciador entre a entidade subministradora e o abonado no referente á conservación e responsabilidades. Será manipulada exclusivamente polo subministrador, sen que os abonados, propietarios ou terceiras persoas poidan manipulala.
- b) “*Ramal*”: É o tramo de tubería que une o dispositivo o chave de toma coa chave de rexistro.
- e) “*A chave de rexistro*”: Está situada ó final do ramal de conexión na vía pública e xunto ó inmovible.
- f) “*A chave de paso*”: Está situada na unión da conexión co tubo de alimentación, xunto ó límite da porta no interior do inmovible. Si fora preciso baixo a responsabilidade do propietario do inmovible, poderá cerrarse para deixar sen auga a instalación interior de todo o edificio. Quedará aloxada, nunha cámara impermeabilizada construída polo propietario ou abonado.

#### ARTIGO 13.—INSTALACIÓNS INTERIORES DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Entenderase por instalación interior de abastecemento de auga ó conxunto de tuberías e elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo de auga.

#### CAPITULO IV: CONEXIÓNS

##### ARTIGO 14.—SOLICITUDE

A solicitude de conexión á rede de distribución de auga potable deberase presentar de xeito independente para cada inmovible que legal ou fisicamente constituía unha unidade de edificación con acceso directo á vía pública e cada unha delas dará lugar a un alta no padrón municipal da taxa por abastecemento de auga, o que implicará o devengo da taxa cada un de xaneiro do ano natural e a obriga de abono individual de cada autorización.

A efectos de aplicación do regulamentado, considerárase unidade independente de edificación ó conxunto de vivendas e/ou locais con portal común de entrada e oco común de escaleira, así como ós edificios comerciais e industriais que pertencen a unha única persoa física ou xurídica, e nos que se desenvolva unha única actividade industrial ou comercial. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña mais dun acceso, á entidade subministradora poderá decidi-la conveniencia de realizar unha única conexión.

Os locais que están situados nas plantas inferiores da unidade independente de edificación, aínda

cando non tiveran acceso común, deberán abastecerse da correspondente batería xeral de contadores do inmovible.

##### ARTIGO 15.—CONCESIÓN DAS ACOMETIDAS

A concesión de acometidas para suministro de auga potable, corresponde ó concello de Mondariz como titular do servizo municipal de abastecemento de auga e unicamente se concederán cando se cumpran as condicións de abastecemento pleno, que se establecen seguidamente:

- 1) Que o inmovible a abastecer esté situado na área de cobertura da rede de abastecemento (artigo 6 o presente regulamento).
- 2) Que o inmovible que se pretende abastecer conte con instalacións interiores dispoñibles e adecuadas ás normas do presente Regulamento.
- 3) Que o inmovible a abastecer dispoña de acometida para vertidos de augas residuais e pluviais, ou teña resolto o sistema de evacuación das mesmas, dispoñendo, en este caso, das autorizacións precisas para elo.
- 4) Que nas rúas ou prazas de carácter público que linden co inmovible, ou a que éste de fachadas, exista instaladas e en servizo, conducións públicas da rede de distribución de auga potable.

##### ARTIGO 16.—TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude de conexión farase polo petionario á entidade subministradora, en impreso normalizado que se lle facilitará nas oficinas municipais e no que constará o nome do solicitante ou a súa razón social, o domicilio, o nome do futuro abonado, o domicilio da subministración e o carácter da mesma, uso ó que vai destinala auga e o caudal necesario.

Se acompañará a seguinte documentación:

- Memoria Técnica ou presuposto das instalacións que se trate e das obras a realizar.
- Escritura de propiedade ou documento que acredite a dispoñibilidade do inmovible para o que se solicita a acometida.
- Licencia municipal de 1ª ocupación, can do se trate de vivendas de nova construción.
- Licencia municipal de actividade ( cando se trate dun local comercial).
- Ultimo recibo de IBI cando se trate de vivenda antigas.

Será obrigatorio xunto coa solicitude, abonar os dereitos de conexión que será a cota fixa que en cada caso esté vixente, según ordenanza fiscal, e se abonarán por unha sola vez quedando adscritos ó enganche que se realice en cada caso.

Á vista da solicitude presentada, dos datos aportados polo solicitante, das características do inmovible, e do estado das redes de distribución, a entidade subministradora comunicará o petionario, a súa decisión de conceder ou denegar a conexión ou conexións solicitadas e, neste último caso, as causas da denegación.

Á súa vez, o solicitante, disporá dun prazo de trinta días naturais para contestar os requirimentos que lle formule a entidade subministradora, ou ben para presentar ante a mesma as alegacións que, no seu caso, estime.

Transcorrido ese prazo sen cumprimentar o regulamento, entenderase decaída a solicitude, sen máis obrigacións para a entidade subministradora.

Acceptada a solicitude, a entidade subministradora comunicará, no prazo máximo de quince días hábiles, as circunstancias ás que se deberá axustar a conexión ou conexións e as condicións da concesión.

#### ARTIGO 17.—DENEGACIÓN DA CONCESIÓN

O Concello poderá denegar a solicitude de conexión ou conexións ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

1. Que o inmovible a abastecer non este situado na área de cobertura da rede de abastecemento.
2. Que o inmovible que se pretende abastecer non conte con instalacións interiores dispoñibles e adecuadas ás normas do presente regulamento.
3. Que o inmovible a abastecer non dispoña de conexión para vertidos de augas residuais e pluviais de forma separada, ou non teña resolto o sistema de evacuación das mesmas.
4. Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

#### ARTIGO 18.—DETERMINACIÓN E EXECUCIÓN DA CONEXIÓN

As características das conexións, tanto no que respecta a dimensións, compoñentes, tipos e calidade dos materiais, como a forma de execución e punto de conexión, serán ás establecidas no R.D. 214/2006 do Código técnico da Edificación en base ó uso do inmovible a abastecer, consumos previsibles e condicións de presión. En virtude do regulado na normativa de aplicación requirirase que se execute unha arqueta de D=63 cm. e profundidade variable segundo a conducción viaria a que se acometa, na que se aloxará a chave de toma. As conexións para o subministro de auga, serán executadas por persoa autorizada, de conformidade con canto ó efecto se establece neste regulamento, por conta do petionario asemade soamente poderán ser manipuladas por persoa autorizada ó servizo da entidade sub-

ministradora, non se pode cambiar ou modificar o entorno da situación desta, sen autorización expresa.

#### ARTIGO 19.—CONSERVACIÓN DA CONEXIÓN

A reparación e cambio das conexións e a conservación da conexión así como a súa substitución, no caso de deterioro imputable ou non ó abonado será sempre realizado por persoa autorizada que realizará os traballos correspondentes a cargo do petionario, xa sexa este o usuario, o propietario ou o constructor.

#### ARTIGO 20.—AMPLIACIÓN DA CONEXIÓN

No caso de que unha propiedade aumentase, despois de realizada á conexión, o número de servizo ou ampliase o número de vivendas e as conexións existentes foran insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, substituirase a conexión por outra mais axeitada, e os gastos serán por cargo do abonado.

#### ARTIGO 21.—CONEXIÓN EN DESUSO

Finalizado ou rescindindo o contrato de subministración, o ramal de conexión queda á libre disposición do seu propietario non obstante deberá de taponar a acometida, pero se este dentro dos vinte días seguintes non lle comunica á entidade subministradora a súa intención de retiralo da vía pública, entenderase que se desinteresa do ramal de conexión en desuso, podendo a entidade subministradora tomar respecto a este, as medidas que considere oportunas.

#### ARTIGO 22.—AMPLIACIÓN DA REDE

Cando o usuario non confronte coa rede xeral deberá para a execución da conexión efectuar unha prolongación da anterior que correrá por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo de dita ampliación, pasando a propiedade municipal ó finalizar a súa execución.

#### ARTIGO 23.—URBANIZACIÓNS

Ós efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou soares en que se divide o terreo e de estas coa zona edificada do casco urbano. A concesión de conexión ou subministro para a urbanización anteriormente definida, para soares ou inmovibles ubicados nela, estará supeditada ó cumprimento previo das seguintes condicións:

As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto abastecemento de auga a ditas urbanizacións, responderán a es-

quemados aprobados pola entidade subministradora e deberán definirse e dimensionarse en Proxecto redactado por Técnico competente, aprobado pola entidade subministradora, con suxeición ós regulamentos de aplicación e ás Normas Técnicas da entidade subministradora, por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

- b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións, que con autorización da entidade subministradora se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse na súa totalidade por conta e cargo do promotor ou propietario da urbanización, baixo a dirección de técnico competente e, no seu caso, por empresa instaladora homologada.

A entidade subministradora poderá esixir durante o desenvolvemento das obras, como na súa recepción, e posta en servizo, cantas probas e ensaios estime convenientes para garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos no proxecto, correndo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

En ningún caso estará autorizado o promotor ou o executor da urbanización para realiza-las conexións de abastecemento nos posibles edificios, soares ou parcelas de que se trate, sen a previa autorización da entidade subministradora.

- c) O enlace ou enlaces das redes interiores coas conducións exteriores baixo dominio da entidade subministradora, así como as modificacións e reforzos que sexan necesarios nestas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitados no proxecto ó que se fixo referencia no apartado a) deste artigo e executáranse por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo Concello e, se as atopase conformes á regulamentación técnica e sanitaria vixentes, asumirá a xestión e mantemento do servizo de abastecemento.

## CAPITULO V: INSTALACIÓNS INTERIORES

### ARTIGO 24.—EXECUCIÓN E MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

As instalacións interiores para o subministro de auga serán executadas por un instalador autorizado pola respectiva Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, e axustaranse ó R.D. 314/2006 de 17 de Marzo, Código Técnico da Edificación ou ás vixentes no momento da contratación con especial previsión das contingencias da variación de presión da rede de distribución.

A conservación e mantemento destas instalacións, serán por conta e a cargo do titular ou titulares do subministro existente en cada momento quedando obrigado a comunicar á entidade subministradora calquera modificación que realicen na disposición, ou características das súas instalacións interiores.

### ARTIGO 25.—INSPECCIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

O Concello poderá inspeccionar as instalacións dos abonados, con fin de constatar se estas foron executadas segundo as normas aplicables e cumpren coas prescricións deste regulamento e outras normativas aplicables así como para vixiar as condicións e forma en que os abonados empregan o subministro.

De non axustarse a instalación ós preceptos indicados, poderase denegar a realización de subministración.

### ARTIGO 26.—AUGAS DE DIFERENTES PROCEDENCIAS

As instalacións correspondentes a cada póliza non poderán ser empalmadas a unha rede de tubos ou distribución doutra procedencia. Tampouco poderá empalmarse ningunha instalación procedente doutra póliza de abono nin mesturar a auga dos servizos. O abonado instalará os dispositivos regulamentarios para impedi-los retornos accidentais cara a rede.

Nos casos tecnicamente xustificadas, cando as instalacións industriais precisen de subministracións propias, distribuídas conxuntamente coa auga procedente do servizo, poderase autoriza-la conexión sempre que:

1. A auga non se destine a consumo humano.
2. Se adopten medidas tecnicamente abundas, segundo criterio do servizo, para evitar retornos de auga cara a rede pública.

## CAPITULO VI: CONTADORES

### ARTIGO 27.—CONTROL DE CONSUMOS

A medición dos consumos que faga cada unidade de servizo e que servirán de base para a facturación de todo subministro realizarase por contador, que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo. Cada un dos contadores irá colocado entre dúas chaves de paso, a fin de que poidan ser retirados con toda facilidade e posteriormente se poidan colocar polos empregados do servizo en caso de avaría, dispoñendo os «racords» de suxeición dos contadores dos correspondentes taladros para o seu precintado. Como norma xeral, a medición de consumos efectuarase mediante:

— *Contador único*: cando no inmovible ou finca só exista una vivenda ou local, en subministros

provisionais para obras e en urbanizacións en proceso de execución de obras en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior.

— *Batería de contadores divisionarios*: cando exista máis duna vivenda ou local, será obrigatorio, instalar un aparato de medida para cada unha delas e os necesarios para os servicios comúns.

Toda vivenda unifamiliar ou local comercial, independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou á prestación de calquera servicio, disporá dun contador individual que será propiedade do abonado.

No caso de que unha comunidade de usuarios tivera instalados contadores individuais, a facturación levarase a cabo polos importes correspondentes a cada contador individual.

O abonado está obrigado a dispor dunha protección para que no caso dunha fuga a través do contador esta teña unha saída natural ó exterior, sen que lle poida causar danos ó inmovible nin a nada contido nel.

#### ARTIGO 28.—CONTADOR ÚNICO E CONTADOR DE CONTROL

Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado, exclusivamente destinado a este fin, emprazado en vivendas unifamiliares e establecementos xunto ó portal de entrada empotrado no muro de fachada ou cerramento da propiedade que se pretende abastecer e, en calquera caso, con acceso directo e lindante con vía pública. Nas obras colocarse o contador en muro mediano na zona mais próxima á vía pública.

O armario do contador estará perfectamente impermeabilizado e disporá de desagüe directo ó sumidoiro, capaz de evacuar o caudal máximo de auga que aporte a conexión que se instale. Así mesmo, estarán dotados dunha porta e pechadura homologadas .

As dimensións do armario cámara serán as determinadas na NBE IISA norma 1.1.2.3 .

#### ARTIGO 29.—BATERÍA DE CONTADORES

As baterías de contadores divisionarios instaláranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados a este fin, emprazados na planta baixa do inmovible, nunha zona de uso común, con acceso directo dende o portal de entrada.

As baterías para centralización de contadores responderán a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados. Na orixe de cada montante e no punto de conexión deste coa batería de contadores divisionarios instalárase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución.

*Condicións dos locais*: Os locais para baterías de contadores terán unha altura mínima de 2,5 m., e as súas dimensións en planta serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,60 m. e outro de 1,20 m. diante da batería, unha vez medida cos contadores e chaves de manobra.

As paredes, teito e solo destes locais estarán impermeabilizados, de forma que se impida a formación de humidade en locais periféricos. Disporán dun sumidoiro, con capacidade de desagüe equivalente ó caudal máximo que poida aportar calquera das conduccións derivadas da batería, en caso de saída libre da auga. Estarán dotados de iluminación artificial, que asegure un mínimo de 100 lux. nun plano situado a un metro sobre o chan.

A porta de acceso terá unhas dimensións mínimas de 0,80 m. por 2,05 m., abrirá cara o exterior do local e estará construída con materiais inalterables pola humidade e dotada con pechadura normalizada polo subministrador.

*Condicións dos armarios*: No caso de que as baterías de contadores se aloxen en armarios, as dimensións destes serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,50 m, unha distancia mínima entre contadores de 20 cm., a 35 cm. do nivel inferior do armario e a 50 cm. do teito deste e outro de 0,20 m. entre a cara interior da porta e os elementos máis próximos a ela.

A parte inferior do armario estará a unha altura mínima do chan de local de acceso de 25 cm., e o fondo mínimo do armario será de 60 cm. A batería poderase realizar nun, dous ou tres niveis dependendo das dimensións mínimas dos armarios e do número de contadores. A altura dependerá dos niveis anterior 0,85 m para un ,1,25 m para dous e 1,65 m para tres. A partir de 28 a centralización realízase nun local específico, podendo admitirse ata 33. Tanto as portas do cuarto de contadores como do armario estarán dotadas dunha pechadura con chave, e entregáraselle unha copia de cada unha á entidade subministradora e outra quedará en posesión do presidente da comunidade de veciños ou administrador do inmovible, que se farán responsables de calquera manipulación ou actuación nos contadores. Cumprirán igualmente as restantes condicións que se esixe nos locais, se ben, os armarios terán unhas portas con dimensións tales que, unha vez abertas, presenten un oco que abarque a totalidade das baterías e os seus elementos de medición e manobra. Os armarios estarán situados de tal forma que diante deles e en toda a súa lonxitude, exista un espazo libre dun metro. Tanto si se trate de locais ou de armarios, en lugar destacado e de forma visible, instalárase un cadro ou esquema no que de forma indeleble, queden debidamente sinalizados os distintos montantes e saídas de baterías.

as e a súa correspondencia coas vivendas e/ou locais.

#### ARTICULO 30.—CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CONTADORES

O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade do instalador, que o realizará á vista da declaración de consumo que formule o abonado na súa solicitude de subministro, e de conformidade co establecido na normativa vixente ( Orden de 28.12.1988 de control metrolóxico dos contadores de auga fría). Os contadores serán sempre de modelo oficialmente homologado e debidamente verificado con resultado favorable, e deberán ser precintados polo organismo da administración responsable da verificación. As características técnicas, adecuadas á norma comunitaria, que deberán presentar son as seguintes:

##### a) Erros máximos tolerados

O error máximo tolerado na zona inferior comprendida entre "Q" mínimo inclusive e "Qt" exclusive será do + 5 %. O error máximo tolerado na zona superior comprendida entre o "Qt" inclusive e "Q" máximo inclusive será do +2 %.

##### b) Clases de contadores

Os contadores de auga distribúense, segundo os valores "Q" mínimo E "Qt", en tres clases, con arreglo ó cadro seguinte:

CLASE QN<15 m<sup>3</sup>/h 15 m<sup>3</sup>/h

CLASE A Valor de Qmin. Valor de Qt 0,04 Qn

0,10 Qn

0,08 Qn

0,30 Qn

CLASE B Valor de Qmin. Valor de Qt 0,02 Qn

0,08 Qn

0,03 Qn

0,20 Qn

CLASE C Valor de Qmin. Valor de Qt 0,01 Qn

0,015 Qn

0,06 Qn

0,015 Qn

##### C) Definicións e Terminoloxía

— *Caudal máximo, "Qmáx"*: É o caudal máximo ó que o contador debe poder funcionar sen deterioro, durante períodos de tempo limitados, sen sobrepasar o valor máximo tolerado de perda de presión.

— *Caudal nominal, "Qn"*: É a metade do caudal máximo, "Qmáx", expresado en metros cúbicos por hora, e sirve para designar o contador.

No caudal nominal, o contador deberá funcionar en réxime normal de uso, é dicir, de maneira continua e intermitente, sen sobrepasar os erros máximos tolerados.

— *Caudal mínimo, "Qmin"*: É o caudal a partir do cal ningún contador poderá sobrepasar os erros máximos tolerados. Este caudal fíxase en función de "Qn".

— *Amplitude de Carga*: A amplitude de carga é a comprendida entre o caudal máximo e o caudal mínimo. Dita amplitude divídese en dúas zonas, chamadas inferior e superior, nas que os erros máximos tolerados son diferentes.

— *Caudal de Transición, "Qt"*: é o caudal que separa as zonas inferior e superior do campo de medida, na que os erros máximos tolerados son diferentes.

— *Perdida de presión*: Esta fíxase mediante as probas da CEE para a aprobación do modelo e non haberá de superar en ningún caso 0,25 bares o caudal nominal e 1bar o caudal máximo.

#### ARTIGO 31.—PROPIEDAD DO CONTADOR

O contador ou aparato de medición que se instale para medir ou controlar os consumos de auga de cada abonado serán propiedade deste.

#### ARTIGO 32.—INSTALACIÓN DO CONTADOR

A colocación e instalación dos contadores se realizará por persoal autorizado contratado polo abonado quen correrá con tódolos gastos segundo a normativa técnica de aplicación vixente e o presente regulamento.

#### ARTIGO 33.—VERIFICACIÓN E CONSERVACIÓN DO CONTADOR

Será obrigação do abonado a verificación e o precintado dos contadores e aparatos de medida que se instalen, a custodia do contador ou aparato de medida, así como a súa conservación e mantemento en perfecto estado, sendo extensible esta obrigação tanto os precintos do contador como as etiquetas daquel. A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obrigaçón recaerá directamente sobre o abonado titular do subministro. Unha vez instalado, non poderá ser manipulado máis que por persoal autorizado.

Considerase conservación e mantemento de contadores, a súa vixilancia reparación e cambio, incluída montaxe e desmontaxe na súa situación actual.

A verificación e precintado será realizada nos seguintes casos:

- a) Despois de toda reparación que poida afectar á regularidade da marcha do aparato, ou cando se levantasen os precintos.



- b) Sempre que o soliciten os abonados, a entidade subministradora ou algún órgano competente da Administración Pública.
- c) Nos cambios de titularidade de subministro.
- d) Caso de non cumprir o aparato as condicións regulamentarias, deberá ser reparado e verificado novamente.

En cada contador ou aparato de medida, deberá figurar, unida mediante precinto, unha etiqueta metálica inoxidable, de aleación non fèrrica, ou de material plástico ríxido, que posibilite a identificación do aparato mediante instrumentación óptica e magnética, e na que aparezan, ademais da indicación da Delegación Provincial actuante, as características e o número de fabricación do aparato, resultado da última verificación e data desta.

O precinto oficial colocado despois da verificación garantiza:

- a) Que o contador ou aparato de medida pertence a un sistema aprobado.
- b) Que funciona con regularidade.

Nos contadores novos de primeira instalación, reflexarase, como data de verificación, a de comprobación polo laboratorio da existencia da marca de verificación primitiva. A partir desta data contarase o tempo de vida do contador para os efectos previstos neste Regulamento.

#### *ARTIGO 34.—MANIPULACIÓN E SUBSTITUCIÓN DO CONTADOR*

Cando por reparación, renovación periódica, e/ou verificación se teña que retirar un contador ou aparato de medida da instalación e non sexa inmediata a súa colocación, procederase no seu lugar á instalación simultánea doutro contador ou aparato de medida, debidamente verificado, que será o que controle os consumos. Este novo contador ou aparato de medida instalado será tamén sempre propiedade do abonado.

Os gastos derivados tanto das verificacións como das reparacións dos contadores ou aparatos de medida correrán a cargo do propietario.

O abonado deberá comunicar ó Concello, previamente, a conexión ou desconexión dos equipos de medida ou contadores.

O abonado ou usuario nunca poderá manipular o contador ou aparato de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes do aparato. A conexión e desconexión do contador ou aparato de medida sempre será realizada por persoal autorizado, quen poderá precintar a instalación, sendo o único autorizado para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación.

Os contadores ou aparatos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- a) Por extinción do contrato de subministro.

- b) Por avaría do aparato de medida cando non exista reclamación previa do abonado.
- c) Por renovación periódica, en función de canto ó efecto se establece neste Regulamento.
- d) Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparato instalado.

Cando, a xuízo da entidade subministradora, existan indicios claros de que o funcionamento do contador ou aparato de medida non é correcto, o abonado deberá proceder a desmontalo, instalando no seu lugar outro que fose verificado oficialmente.

Os consumos rexistrados polo aparato instalado en substitución do anterior, darán fe para a súa liquidación.

#### *ARTIGO 35.—CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DO CONTADOR*

A instalación que servirá de base para a colocación dos contadores ou aparatos de medida, deberá ser realizada por instalador autorizado, por conta e a cargo do titular do inmovible, ou nun lugar que cumpra coas condicións sinaladas nos artigos anteriores.

Calquera modificación do emprazamento do contador ou aparato de medida, dentro do recinto ou propiedade que teña adscrita unha subministración, será a cargo do solicitante. Non obstante, será sempre a cargo do abonado toda modificación no emprazamento do contador ocasionada por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas polo abonado con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias deste Regulamento, e se produza un cambio na titularidade do subministro.

Establécese o prazo de tres meses, prorrogable en circunstancias excepcionais que se valorarán individualmente, por outros tres meses, para que todos aqueles abonados que dispoñan de contadores emprazados en locais ou lugares distintos os establecidos no presente regulamento cambien o emprazamento e se axusten ó anterior.

#### *CAPITULO VII: CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO DE AUGA*

##### *ARTIGO 36.—CARÁCTER DO SUBMINISTRO*

A efectos do establecido no presente Regulamento e na Ordenanza Fiscal reguladora da taxa correspondente en función do uso que se faga da auga, o carácter da subministración tipificarase en:

- usos domésticos,
- uso industrial
- uso de obra.

#### ARTIGO 37.—TIPOS DE SUBMINISTROS

*Subministros para usos domésticos:* Son aqueles nos que a auga utilízase exclusivamente para atender ás necesidades primarias da vida.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivenda, sempre que neles non se realicen actividades industriais, comerciais ou profesionais de ningún tipo.

Quedan igualmente excluídos os locais destinados a cocheras, aínda cando sexan de uso particular e para un solo vehículo, cando sexan independentes da vivenda.

*Subministros para usos industriais:* Serán todos aqueles nos que a auga se utilice para os fins expostos a continuación.

En función do carácter do suxeito contratante do subministro, este clasificarase en:

- a) *Subministros para usos comerciais:* Consideraranse como tales todos aqueles subministros nos que a auga constitúa un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial, fabril ou industrial.
- b) *Subministros para usos industriais:* Entenderase como tales todos aqueles subministros nos que a auga constitúa un elemento directo e básico, ou imprescindible, na actividade industrial ou comercial.
- c) *Subministros para Centros Oficiais:* Entendéranse como tales, os que se realicen para centros e dependencias do Estado e da Administración Autonómica, e Provincial e dos seus Organismos Autónomos.

Subministros de obra: Entendéranse como tales aqueles que solicite o abonado cando se dispoña a efectuar calquera tipo de edificación e contrate auga con destino a ela.

### CAPITULO VIII: CONCESIÓN DO SUBMINISTRO

#### ARTIGO 38.—OBJECTO E ALCANCE DO SUBMINISTRO

O subministro concederase para cada vivenda, piso, establecemento, industria ou obra que constituía unha unidade independente.

Cada subministro quedará adscrito ós fins para os que se concedeu quedando prohibido dedicalo a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, no seu caso, o contrato conseguinte.

#### ARTIGO 39.—SUXEITOS DO SUBMINISTRO

A relación xurídica nacida do contrato de subministro se establece entre a entidade subministradora e o titular de dereito de uso da finca, establecemento ou industria a abastecer, ou por quen o represente.

#### ARTIGO 40.—DURACIÓN DO SUBMINISTRO

O servizo de subministro concederase por tempo indefinido, salvo estipulación expresa con outro carácter. Sen embargo, o abonado poderá dalo por rematado en calquera momento, sempre que comunique esta decisión á entidade subministradora cun mes de antelación.

Os subministros para obras, espectáculos temporais en locais móbiles, e en xeneral, para actividades esporádicas, contrataranse sempre polo tempo definido que expresamente se fixe.

#### ARTIGO 41.—CONCESIÓN DO SUBMINISTRO

Previa a concesión do subministro, o peticionario deberá presentar unha solicitude de subministro no impreso que, a tal efecto, proporcionará entidade subministradora.

Na solicitude farase constar os seguintes datos:

- Nome do solicitante.
- Uso e destino que se pretende dar á auga solicitada.
- Identificación do inmovible á que se destina
- Dirección á que deben dirixirse as comunicacións, cando non sexa a mesma a que se destina o subministro.

Cantas circunstancias se fagan constar na solicitude de subministro, que se regula anteriormente, faranse baixo a exclusiva responsabilidade do solicitante e servirán de base para regular as condicións do referido subministro.

Ademáis, se acompañará a seguinte documentación:

- a) Boletín de instalador, visado pola Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio.
- b) Escritura de propiedade ou contrato de arrendamento ou documento que acredite o dereito de dispoñibilidade sobre o inmovible para o que solicita o subministro.
- c) Documento que acredite a personalidade do contratante D.N.I ou C.I.F.
- d) Licencia urbanística si se trata dun enganche para obra de construción, licenza de primeira ocupación si se trata dunha vivenda, e licenza de apertura si se trata dun establecemento ou industria.

Presentada solicitude de subministro, a entidade subministradora comunicará as condicións económicas para realizalo.

*ARTIGO 42.—TRASLADO OU CAMBIO  
DE ABONADOS*

O traslado de domicilio e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que subscribiu o contrato, esixe novo acordo de concesión de subministro, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste Regulamento.

*ARTIGO 43.—SUBROGACIÓN DOS DEREITOS  
DO CONTRATO*

O falecemento do titular da póliza de abono, os familiares en primeiro grao ou a persoa que demostrou que conviviu co devandito máis de dous anos, poderanse subrogar nos dereitos e obrigacións da póliza.

Tamén poderá subrogarse calquera outro herdeiro legatario, se ten que suceder ó causante na propiedade ou uso da vivenda ou local no que se realice o subministro.

No referente ás entidades xurídicas, a quen se subrogue ou substitúa en dereitos e obrigacións poderá facelo propio na póliza de abono, condicionado á presentación ante a empresa subministradora de tódalas autorizacións administrativas necesarias.

O prazo para subrogarse será de doce meses a partir da data do feito causante.

**CAPITULO IX: LECTURAS, CONSUMOS  
E FACTURACIÓNS**

*ARTIGO 44.—PERIODICIDADE DAS LECTURAS*

A entidade subministradora está obrigada a establecer un sistema de toma de lecturas permanente e periódico, de forma que, para cada abonado os ciclos de lectura conteñan, no posible, o mesmo número de días.

A efectos de facturación dos consumos, a frecuencia máxima coa que a entidade de subministro tomará as lecturas será cuatrimestral.

*ARTIGO 45.—HORARIO DE LECTURAS*

A toma de lectura será realizada en horas hábiles ou de normal relación có exterior polo persoal autorizado expresamente pola entidade subministradora, provisto da súa correspondente documentación de identidade.

*ARTIGO 46.—DETERMINACIÓN DE CONSUMOS*

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado, concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

*ARTIGO 47.—CONSUMOS ESTIMADOS*

Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, ausencia do abonado no momento en que se intentou tomar a lectura ou por causas imputables a entidade subministradora, a facturación do consumo efectuarase de acordo co establecido por ordenanza reguladora da taxa por subministro de auga.

*ARTICULO 48.—OBJECTO E PERIODICIDADE  
DA FACTURACIÓN*

Será obxecto de facturación pola entidade subministradora os conceptos que procedan dos recollidos no presente regulamento en función da modalidade do subministro .

Os consumos facturaránse por períodos de subministros vencidos e a súa duración será de catro meses. O primeiro período computarase dende a data de posta en servizo da instalación.

*ARTIGO 49.—CORRECCIÓN DE ERROS  
NA FACTURACIÓN*

Nos casos en que por erro a entidade subministradora facturase cantidades inferiores ás debidas, o pago da diferenza realizarase na factura seguinte.

**CAPITULO X: SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO**

*ARTIGO 50.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN  
DO SUBMINISTRO*

A entidade subministradora de auga poderán, sen prexuízo do exercicio das accións de orde civil ou administrativo que a lexislación vixente lle ampare, suspender o subministro ós seus abonados ou usuarios nos casos seguintes:

- a) Polo impago das facturacións dentro do prazo de quince días establecido ó efecto pola entidade subministradora.
- b) Por falta de pago no prazo de quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia deste.
- c) No caso de que o abonado empregue a auga para regalar as hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual, cando mediante bando o alcalde prohiba os anteriores.
- d) En tódolos casos nos que ó abonado faga uso da auga que se lle subministrou en forma ou para usos distintos dos contratados.
- e) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para o subministro de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados no seu contrato de subministro.

- f) Cando polo persoal da entidade subministradora se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato algún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderá a entidade subministradora efectuar o corte inmediato do subministro de auga en tales derivacións.
- g) Cando o abonado non lle permita a entrada no local ó que lle afecta o subministro contratado, en horas hábiles o de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado pola entidade e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisa-las instalacións.
- h) Cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, as condicións xenerais de utilización do servizo. Cando nos subministros nos que o uso da auga a disposición das instalacións interiores, puidera afectar a potabilidade da auga na rede de distribución, ata que, polos abonados se tomen as medidas oportunas co fin de evitar de tales situacións; en tal caso poderanse realizar o corte inmediato do subministro.
- j) Pola negativa do abonado a modifica-lo rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando fose preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este Regulamento.
- k) Cando o abonado mesture augas de outra procedencia e requirido pola entidade subministradora para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de 5 días.
- l) Cando durante doce meses persista a imposibilidade de tomar a lectura dentro do réxime normal establecido ó efecto, por causas imputables ó abonado, a entidade subministradora, poderá suspender, transitoriamente, o subministro, ata tanto o abonado acceda a modificar, ó seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso ó mesmo para poder tomar a lectura.
- m) Por negligencia do abonado respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito transcurrise un prazo superior a sete días sen que a avaría fose amañada.

#### ARTIGO 51.—PROCEDIMENTO DE SUSPENSIÓN

Coa excepción dos casos de corte inmediato previstos neste Regulamento, a entidade subministradora deberá dar conta da suspensión á Consellería de Industria e Comercio e o abonado por correo certificado, considerándose que queda autorizado para a suspensión do subministro de non recibir orden en contrario de dito Organismo no termo de quince días hábiles, contados a partir da data na

que se deu conta dos feitos, salvo que o solicitado non se axuste a dereito .

A suspensión do subministro de auga por parte da entidade subministradora, salvo nos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, a efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas do día en que se de algunhas destas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase no mesmo día ou, no seu defecto, ó seguinte día hábil en que foran emendadas as causas que orixinaron o corte da subministración.

*A notificación do corte da subministración, incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:*

- Nome e dirección do abonado.
- Identificación da finca abastecida.
- Data a partir da cal se producirá o corte.
- Detalle da razón que orixina o corte.
- Dirección, teléfono e horario da entidade subministradora na que poden subsanarse as causas que orixinaron o corte.

Á reconexión do subministro farase polo abonado podendo requirirse por esta operación unha cantidade máxima equivalente ó importe da cuota de conexión vixente, no momento do restablecemento. En ningún caso se poderán percibir estes dereitos si non se efectuou o corte do subministro.

En caso de corte por falla de pago, se no prazo de tres meses, contados dende a data de corte, non se pagaron polo abonado os recibos pendentes, darase por rematado o subministro sen perxuício dos dereitos a esixencia de pago da deuda e o resarcimento dos danos e perxuícios a que deran lugar.

#### ARTIGO 52.—EXTINCIÓN DO SUBMINISTRO

O subministro de auga extinguirase, sen prexuízo da execución anterior ou non das accións de suspensión de subministración, especificadas no artigo anterior deste Regulamento, por calquera das causas seguintes:

1. *A petición do abonado.*

2. *A solicitude do propietario* do inmovible, aínda que non sexa o abonado, que se entenderá inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior abonado en relación cos incumprimentos do contrato.

3. *Por resolución da entidade subministradora,* nos seguintes casos:

- a) Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministro reguladas no artigo anterior deste Regulamento.
- b) Por cumprimento do termo ou condición do contrato de subministro.

- c) Por utilización do subministro sen ser o titular contractual do mesmo.
4. Por resolución da Delegación Provincial da Consellería competente en materia de industria, previa audiencia do interesado, a petición do Concello nos seguintes casos:
- a) Por un mal uso dos ocupantes da finca abastecida ou por condicións das súas instalacións interiores, que supoñan perigosidade na seguridade da rede, potabilidade da auga ou danos a terceiros, sempre que estes non sexan subsanables.
- b) Por incumprimento, por parte do abonado, do contrato de subministro ou da obrigacións que del se deriven.
- c) Por cambio no uso dos servicios e instalacións para os que se contratou o servicio así como por demolición, ampliación ou reforma da finca para a que se contratou e subministro.

De non haber resolución expresa da Delegación Provincial da Consellería competente, considerárase positiva transcorridos dous meses dende que fose solicitada a petición. A continuación da subministración despois de que se extinguiña o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente só se poderá efectuar mediante nova solicitude, e pago dos dereitos correspondentes.

#### CAPITULO XI: FRAUDES NO SUBMINISTRO DE AUGA

##### ARTIGO 53.—TIPOS DE FRAUDE

A entidade subministradora considerará como fraude as seguintes situacións:

- 1º.—Utilizar auga do servicio municipal sin ter suscrito contrato de suministro.
- 2º.—Executar a cometidas sin ter cumprido previamente os requisitos previstos neste Regulamento.
- 3º.—Falsear a declaración induciendo ó servicio a facturar menor cantidade que a que deba satisfacer polo suministro.
- 4º.—Modificar ou ampliar os usos a que se destina a auga potable, especificados no contrato de suministro.
- 5º.—Levantar os contadores instalados sen autorización do servicio; romper os precintos, o cristal ou a esfera dos mesmos; desnivelalos, interrumpilos o paralos e, en xeral toda acción que tenda a desfigurar a indicación destes aparatos e a perxudicar, polo tanto, os intereses municipais.
- 6º.—Establecer ramales, derivacións e inexperitos que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga potable por interesados ou por terceiros.
- 7º.—Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización.

8º.—Revender a auga potable obtida por contrato de suministro co servicio, ou suministrar auga a vivendas que carezan do servicio aínda que non constitúan reventa.

##### ARTIGO 54.—ACTUACIÓN POR ANOMALÍA

O Concello, tendo en conta a información recibida, requeriralle ó propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas, co apercibimento de que de non cumprir o requerimento no prazo do 72 horas, aplicarase o procedemento de suspensión do subministro que corresponda.

Cando polo persoal do Concello se atopen derivacións nas redes con utilización da subministración sen ningún convenio, é dicir, realizadas clandestinamente, o Concello poderá efectuar o corte inmediato do subministro, en tales derivacións.

Se ó ir a realizar o persoal facultativo a comprobación dunha denuncia por fraude se lle negara a entrada no domicilio dun abonado, poderase suspender a subministración.

##### ARTIGO 55.—LIQUIDACIÓN DE FRAUDE

A entidade subministradora practicará a correspondente liquidación de fraude, segundo os casos do seguinte xeito:

- a) Formularase unha liquidación por fraude, que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente se corresponda coas instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, estimando un consumo de tres horas diarias de utilización ininterrompida polo tempo que teña transcorrido entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas, e o momento en que se subsana a existencia do fraude detectado, sen que se poida estender en total a máis dun ano.
- b) Si se falsearon as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida, computándose o tempo a considerar en tres horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo exceda do ano, descontándose os consumos que durante ese período de tempo foran abonados polo autor do fraude.
- c) Se o fraude se efectuara derivando o caudal antes do aparato contador, se formulará unha liquidación por fraude como a do apartado a) Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor da entidade subministradora, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a

tarifa que en cada período correspondera ó uso real que se está dando á auga, e ás que, en dito período, se aplicaron en base ó uso contratado. Dito período non poderá ser computado en máis dun ano.

En tódolos casos, o importe do fraude deducido con arranxo ós preceptos establecidos nos párrafos anteriores, estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles, debéndose consignar a contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

As liquidacións que se formulen destas serán notificadas ós interesados que poderán formular reclamacións ante o Organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días a contar dende a notificación destas liquidacións, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

## CAPÍTULO XII. INFRACCIONS E SANCIONES

### ARTÍGO 56. INFRACCIONES

En aplicación do disposto no Título XI da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003 de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a través do presente Regulamento o concello de Mondariz procede a tipificar as infraccións e sancións que poderán cometerse e imponse respectivamente, por infracción das normas contidas no presente Regulamento, en relación co servizo municipal de abastecemento de auga potable, como condición para o exercicio pola entidade local da potestade sancionadora.

Terán a consideración de infraccións as accións e omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza, clasificándose en Infraccións leves, graves e moi graves.

#### *Son infraccións moi graves:*

— O incumprimento das condicións esixidas para as augas de consumo humano e as instalacións que permitan o seu suministro, por consideralo unha perturbación relevante e que afecta de maneira grave, inmediata e directa ó normal funcionamento do servizo municipal.

— O impedimento do uso do servizo público de abastecemento por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

— O impedimento ou a grave relevante obstrución ó normal funcionamento do servizo público de abastecemento.

— Os actos de deterioro grave e relevante das infraestruturas e instalacións do servizo público de abastecemento.

#### *Son Infraccións graves:*

— A obstrución á labor inspectora do Concello de Mondariz no acceso ás instalacións, por consideralo un impedimento ó normal funcionamento do servizo en intensidade grave.

— O descuido ol mantemento e conservación das instalacións responsabilidade dos particulares, por consideralo un acto de deterioro en intensidade grave.

— As accións e omisións que, contraviniendo o establecido na presente Ordenanza e en función da intensidade da perturbación causada, supoñan un perxuicio económico grave.

#### *Son Infraccións leves:*

— Proceder á conexión coa rede de abastecemento sen o permiso previo de conexión, por consideralo unha perturbación leve causada ó normal funcionamento do servizo.

— As accións e omisións que, contraviniendo o establecido na presente Ordenanza e en función da intensidade da perturbación causada, supoñan un perxuicio económico leve.

### ARTÍGO 57. SANCIONES

Como consecuencia da comisión por calquera usuario / abonado do servizo municipal de abastecemento de auga potable, se abrirá expediente administrativo destinado á comprobación da comisión da conducta tipificada no artigo anterior como infracción, e, no seu caso á imposición da sanción que proceda, dacordo cos límites pecuniarios que se sinalan a continuación:

- Infraccións moi graves: ata 3.000,00 €.
- Infraccións graves: ata 1.500,00 €.
- Infraccións leves: ata 750,00 €.

O procedemento para o exercicio da potestade sancionadora seguirá o determinado no Regulamento do exercicio da potestade sancionadora, aprobado por R.D. 1398/93 de 4 de agosto, correspondendo a competencia para resolver o procedemento, impoñendo a sanción que proceda, no seu caso, á Alcaldía Presidencia do Concello de Mondariz.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Os abonados que teñan instalacións que non se adecúen a este regulamento deberán proceder, no prazo máximo de tres meses ( prorrogable por outros tres en circunstancias excepcionais a valorar individualmente) a contar desde a súa entrada en vigor, a adecuación desas instalacións ás normas recollidas no presente regulamento. Transcorrido este prazo o Concello de Mondariz, iniciará a revisión do parque de contadores, coa conseguinte formalización das liquidacións por fraude que proce-

dan, nos casos do artigo 53 do presente regulamento, ou ben a apertura dos procedementos sancionadores que poidan proceder.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 por remisión do artigo 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e permanecerá en vigor mentres non sexa derogado ou modificado polo Pleno da Corporación.

En Mondariz, a 24 de xullo de 2008.—O Alcalde,  
Julio Alen Montes. 2008008112



## Juzgados de lo Social

### De Pontevedra

#### *Cédula de citación*

En cumprimento do ordenado pola Ilma. Sra Maxistrada Xuíz do Xulgado do Social nº 2, en autos seguidos baixo o número 432/08 a instancia de Jesús González Lorenzo, D. Silvino José Ferreira Dos Anjos e D. Alcino José Escalera Ferreira, contra empresa: Carpintería Deza S.L. e D. Benjamín Frade Gómez, en reclamación de despedimento, e encontrándose a empresa Carpintería Deza S.L. e D. Benjamín Frade Gómez, en ignorado paradoiro, cítese para que comparezca na Sala de Audiencia deste Xulgado do Social, sito en Rúa Rosalía de Castro 5, baixo, Sala num. 5 Pontevedra, co obxecto de asistir ó acto do xuízo, que terá lugar o próximo día 12 de setembro do 2008, as 9,40 horas, advertíndolle que, de non comparecer, recaerá sobre ela o prexuízo a que houber lugar en dereito.

E para que sirva de citación á empresa Carpintería Deza S.L. e D. Benjamín Frade Gómez, con últimos enderezos en Rúa Reigosa s/n. Pontecaldeas e Rúa Ponte s/n. Silleda, en Pontevedra insírese a presente cédula no Boletín Oficial da Provincia. Pontevedra, a 21 de xullo de 2008.—A Secretaria, ilexible. 2008008072

\* \* \*

#### *Cédula de citación*

En cumprimento do ordenado pola Ilma. S<sup>a</sup> Maxistrada Xuíz do Xulgado do Social nº 2, en autos seguidos baixo o número 377/08 a instancia de José Comesaña Araujo, contra empresa: Norcongala, S.L. e Fogasa, en reclamación de despedimento, e encontrándose a empresa Norcongala, S.L., en ignorado paradoiro, cítese para que comparezca na Sala

de Audiencia deste Xulgado do Social, sito Rúa Rosalía de Castro 5, baixo, Sala nº 5, Pontevedra, co obxecto de asistir ó acto do xuízo, que terá lugar o próximo día, 17 de setembro do 2008, as 10,45 horas, advertíndolle que, de non comparecer, recaerá sobre ela o prexuízo a que houber lugar en dereito.

E para que sirva de citación á empresa Norcongala S.L., con enderezo en Rúa Castelao 7, 5º B ou Rúa Uxío Neira 3, 1º A:F, de Pontevedra, insírese a presente cédula no Boletín Oficial da Provincia. Pontevedra, a 23 de xullo de 2008.—A Secretaria, ilexible. 2008008126

\* \* \*

#### E D I C T O

Don Francisco Ruiz Paullada, Secretario del Juzgado de lo Social nº 3 de Pontevedra.

Hago saber: Que por providencia dictada en el día de la fecha en los autos seguidos a instancia de Santiago Buceta Gonzalez, contra “Promociones Rivas Mera, S.L.” y “Contruções Cunha Pora Unipessoal LDA”, en reclamación por despido, registrado con el nº 485/08, se ha acordado citar a las Empresas “Promociones Rivas Mera, S.L.” y “Contruções Cunha Pora Unipessoal LDA.”, en ignorado paradoiro, a fin de que comparezca el día veinticuatro de septiembre de 2008 a las 11:00 horas de su mañana, para la celebración de los actos de conciliación , y en su caso de juicio que tendrán lugar en la Sala de Audiencia de este Juzgado, sito en la Rúa Rosalía de Castro, nº 5 planta -1 Sala 6, Pontevedra, debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por su injustificada falta de asistencia.

Y para que sirva de citación a la empresa “Promociones Rivas Mera, S.L.” y “Contruções Cunha Pora Unipessoal LDA”, se expide el presente para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios, haciéndose constar que las próximas notificaciones se harán en estrados, salvo las que deban revestir forma de auto o Sentencia o se trate de emplazamientos (Art.59 L.P.L.).

En Pontevedra a veintitrés de Julio de dos mil ocho.—El Secretario, ilegible. 2008008259

\* \* \*